



En cumprimento do disposto na base quinta da Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 96, do 22 de maio), esta Dirección, como órgano convocante do proceso, ACORDA:

**Primeiro.-** Designar aos seguintes profesionais como integrantes da Comisión Técnica Especializada de valoración da capacidade funcional prevista na indicada base:

- D. José Luis Iglesias Amorín.- F.E.A en Medicina do Traballo
- D. Eduardo Paz Silva.- F.E.A de Psiquiatría
- D. Antonio Vilar López.- Inspector Médico

**Segundo.-** A Comisión será asistida, nas funcións de secretaría, por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Montero Furelos, xefa do servizo de xestión de procesos de selección e provisión da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

**Terceiro.-** Os membros da Comisión deberán gardar sigilo, nos termos establecidos na lexislación vixente, sobre a información a que tivesen acceso na dita condición e deberán absterse de intervir no procedemento de avaliación no suposto de que neles concorra algunha causa de abstención e recusación previstas nos artigos 28 e 29 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*, debendo comunicar a concorrencia de tal causa ante este órgano.

**Cuarto.-** Notifíquese a presente resolución aos profesionais designados na forma prevista nos artigos 58 e 59 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común* e publíquese na páxina web do organismo ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), en cumprimento da base quinta da resolución de convocatoria, tal designación.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2013

A directora de Recursos Humanos



Margarita Prado Vaamonde